

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día catro de outubro do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 27 de setembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 27 de setembro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas. BOE núm. 234, do 29-09-2022.

- Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. BOE núm. 235, do 30-09-2022.

- Anuncio do Consorcio As Mariñas, polo que se publican as Bases xerais e específicas dos procesos selectivos para a execución da oferta de emprego público de 2022 correspondente a prazas estruturais incursas nas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro. BOP núm. 188, do 03-10-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

ÚNICO. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2022-2023. EXPEDIENTE 2022/C005/000012

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de setembro de 2022 (CVD: N4zA1gE8oZqzMjaq0D3d), relativa á aprobación do expediente de contratación 2022/C005/000012 para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data do 10 de agosto de 2022 asináronse polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da ADL (Axencia Desenvolvemento Local), a memoria xustificativa da necesidade do contrato (CVD: OD2RIHPDJKNv2Go3nxER9) e o prego de prescricións técnicas (CVD: mupzfXAeZ8l12MMBe87n) para a contratación dos suministros e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de nadal 2022-2023, cun valor estimado de 48.516,76 € e un orzamento base de licitación de 48.516,76 euros sen IVE, 58.250,00 euros IVE incluído.

Con data de 14 de setembro de 2022 emítese informe técnico relativo aos criterios de adxudicación, solvencia, penalidades e sancións e condicións de execución (CVD: HTzUda60VyEY4+bk8XPv), así como informe complementario respecto da clasificación do contrato (CVD: QDYqYMEWZFCp7Y1GDv4V).

Constan documentos de retención de crédito respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 43348100 “becas y premios promoción empresarial”, por importe de 19.500 euros, e 43322699 “otros gastos diversos promoción actividad económica”, por importe de 52.750 euros.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP (CVD: zhNplmsG9k59qkDgZRJ).

Con data de 29 de setembro de 2022 asinouse pola secretaria accidental o prego de cláusulas administrativas que rexerán a presente contratación (CVD: QIZpwwQJzOBYa4/ZyutS).

Consta informe proposta emitido pola secretaria accidental, coa conformidade do interventor municipal, con data de 29 de setembro de 2.022 (CVD: IHMPyq+YNU1QeoCUBKm8).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e sete de setembro de dous mil vinte e dous, respecto da aprobación do expediente de contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023. Expediente: 2022/C005/000012.

Isto, tendo en conta que, segundo o informe proposta emitido pola secretaria accidental, coa conformidade do interventor municipal (CVD: IHMPyq+YNU1QeoCUBKm8), atendendo ao establecido no artigo 122.1 da LCSP, deben retrotraerse as actuacións, por conter o prego, nas súas cláusulas 14 e 16, erros que exceden de meros erros materiais, de feito ou aritméticos.

Segundo: Aprobar o expediente para a contratación dos “Suministros e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023” (Expediente TEdC 2022/C005/000012), de acordo co artigo 117 da LCSP.

Terceiro: Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento empregado para a adxudicación o procedemento aberto simplificado, ao cumprirse neste caso as condicións establecidas para elo no apartado primeiro do artigo 159 da LCSP.

Cuarto: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 da LCSP, publicar no perfil do contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación (CVD: OD2RIHPDjKNv2Go3nxER9), o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: QIZpwvQJzOBYa4/ZyutS) e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato (CVD: mupzfXAeZ8I12MMBe87n) e o acordo de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Quinto: Aprobar o correspondente gasto por importe de 58.250,00 euros, con cargo ás partidas orzamentarias 43348100 (RC 17/2022 – 220220005304) e 43322699 (RC 17/2022 – 220220005445).

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

- A técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

- A axente de desenvolvemento local, dona Sonia Machín Herranz, e como suplente, a axente de desenvolvemento local, dona Beatriz castro Pico.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría, dona M^a Juncal Capín Fonseca.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de setembro de 2022 (CVD: N4zA1gE8oZqzMjaq0D3d), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1647/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1701/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1647/2022	23-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de J.A.G.N.
1648/2022	23-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de L.R.W.F.
1649/2022	23-09-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de setembro de 2022
1650/2022	23-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de V.F.N.G.
1651/2022	23-09-2022	Reposición da legalidade urbanística en parcela sita en Sarnoso, parroquia de Brexo
1652/2022	23-09-2022	Reposición da legalidade urbanística en parcela sita en Sarnoso – Brexo. Propietarios: A.F.P, M.C.P.M., G.F.P. e J.B.F.A.
1653/2022	22-09-2022	Aprobación do programa de actividades socioculturais 2022/2023
1654/2022	23-09-2022	Reposición da legalidade urbanística en parcela sita en San Roque – Sta. M ^a de Vigo. Propietarios: S.F.U. e M.I.P.C.
1655/2022	23-09-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 11.502,05 euros
1656/2022	23-09-2022	Reposición da legalidade urbanística por non cumprido co requisito esixido na licenza municipal de canalización concedida por Resolución do concelleiro de data 21/12/2020. Propiedade: Telefónica de España S.A.U.
1657/2022	23-09-2022	Denegación de licenza para modificar a unha edificación sita en San Paio – Brexo Lema
1658/2022	23-09-2022	Reposición da legalidade urbanística por actos en Volteiro, Cecebre. Propiedade: R.G.G. e L.M.B.H.
1659/2022	23-09-2022	Baixa de oficio no padrón municipal de habitantes de S.P.
1660/2022	23-09-2022	Aprobación nómina setembro de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1661/2022	23-09-2022	Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2021/2022.
1662/2022	23-09-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de agosto de 2022 e da liquidación de diferenzas de cuota dos meses de xaneiro e febreiro de 2022 derivadas da aplicación retroactiva da Orde PCM/1353/2021 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de setembro de 2022.
1663/2022	26-09-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a D.C.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1664/2022	26-09-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de setembro de 2022
1665/2022	26-09-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.M.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1666/2022	26-09-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentos a S.A.V. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1667/2022	26-09-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.A.C.H. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1668/2022	26-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de L.P.R.
1669/2022	26-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de R.G.V. e do seu fillo C.S.G.
1670/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de C.M.O.S.
1671/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de J.R.R.V.
1672/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de L.C.M.
1673/2022	27-09-2022	Orde de execución por vertidos en Camiño da Carreira, Sigrás.
1674/2022	27-09-2022	Resolución reincorporación servizo efectivo tras excedencia.
1675/2022	27-09-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a B.C.C. por un período de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1676/2022	27-09-2022	Celebración voda civil o día 3 de outubro de 2022 ás 13 horas.
1677/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de J.C.B.P.
1678/2022	27-09-2022	Expediente sancionador a local sito na rúa Francisco Añón por ruído
1679/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de A.V.R.
1680/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de J.F.N.G.
1681/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de N.G.
1682/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de M.V.C.
1683/2022	27-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de R.F.C.O.
1684/2022	28-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de F.B.I.
1685/2022	28-09-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 65.807,37 euros
1686/2022	28-09-2022	Resolución concesión excedencia por coidado de familiares M.F.L.
1687/2022	28-09-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 257.978,02 euros
1688/2022	28-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de J.C.F.
1689/2022	28-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de A.S.J.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1690/2022	28-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de D.I.S.
1691/2022	28-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de G.M.M.
1692/2022	28-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de M.F.L.S.
1693/2022	29-09-2022	Baixa de oficio no padrón de habitantes de O.J-A.T.
1694/2022	29-09-2022	Multas - 9950000026962 Acordos de inicio
1695/2022	29-09-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a L.R.L.G.
1696/2022	29-09-2022	Concesión de licenza municipal para executar unha canalización destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á unha vivenda unifamiliar sita na estrada de Espírito Santo, Cecebre.
1697/2022	29-09-2022	Inscripción dun animal no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
1698/2022	29-09-2022	Concesión de licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos a J.F.C.
1699/2022	29-09-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2022" (3ª quenda: do 1 ao 12 de agosto de 2022 e 4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto de 2022).
1700/2022	29-09-2022	Expediente sancionador polo volume da música en local sito na rúa Otero Pedraio, O Temple. Propietario: A.V.B.
1701/2022	29-09-2022	Solicitude de celebración de voda civil o 7/10/2022 ás 12:00 horas

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2022"
- Aprobación do proxecto "Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre". Expediente 2022/C003/000009
- Prórroga á anualidade 2023 do contrato para o "Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre. Expediente 2020/C004/000013

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

- A) PROPOSTA DE NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2022"

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de outubro de 2022 (CVD: FfzTvLfwuZyCw1ch4nG/), relativa á non división en lotes dos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2022, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2022, aprobou o Plan de cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2022”.

Segundo a base 5.B.2.4 das reguladoras do Plan, no suposto de que os investimentos sexan susceptibles de división en lotes, pero o concello opte por non dividilos e incluílos no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan, a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou doutra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo co previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, segundo o modelo do anexo IX.

Visto o informe técnico [anexo V das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2022”], asinado pola enxeñeira técnica de obras municipal o 13 de setembro de 2022 (CVD: rEOeHt1QOjUndvgkmF+g), respecto do investimento “*Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022*”.

Visto o informe técnico [anexo V das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2022”], asinado pola arquitecta técnica municipal o 26 de setembro de 2022 (CVD: VO4gokeAzC8NIBxSArB), respecto do investimento “*Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2*”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- De conformidade co informe técnico asinado pola enxeñeira técnica de obras municipal o 13 de setembro de 2022 (CVD: rEOeHt1QOjUndvgkmF+g), acordar:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento
Mantemento de camiños municipais. Cambre 2022	457.321,77 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes os obxectos dos proxectos indicados está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.

- Aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son a de "Varios" e as relativas á seguridade e saúde e a xestión de residuos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- Ademais, se o que se pretende é a concorrència, calquera empresario con capacidade para contratar pode facelo, xa que a súa solvencia técnica poderá acreditarla, ben mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e categoría, ou mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

Segundo o artigo 77. Esixencia e efectos da clasificación, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, para poder contratar coas Administracións Públicas contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, é necesario estar clasificado como contratista de obras. Para o cálculo do valor estimado, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadero segundo as súas estimacións, ademais da súa posible modificación ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advértense expresamente desta posibilidade.

Polo que no caso máis desfavorable:

OEC: 457.321,77€
OEC sen IVE: 377.951,88 €
Posible Modificación (20%): 75.590,38 €
Valor estimado total: 453542,26 €

Polo que o Valor estimado total ascende a 453.542,26 € (< 500.000 €). Aínda que este non é o caso, para os efectos de que o empresario poida acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, clasificarémolo no seguinte, segundo o Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 213, do 5 de setembro de 2015):

GRUPO G, Viais e pistas

SUBGRUPO 6, Obras viais sen cualificación específica.

CATEGORIA 3, cando a contía do contrato é superior a 360.000 euros e inferior ou igual a 840.000 euros.»

Segundo.- De conformidade co informe técnico asinado pola arquitecta técnica municipal o 26 de setembro de 2022 (CVD: VO4gokekAzC8NIBxSArB), acordar:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento
Mellora da accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2	194.378,18 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes os obxectos dos proxectos indicados está xustificada pola concorrència dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de

contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.

Terceiro.- Dar traslado ao Departamento de Obras e Servizos para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos data 3 de outubro de 2022 (CVD: FfzTvLfwuZyCw1ch4nG/), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

B) APROBACIÓN DO PROXECTO “ZONA DE ESPAREXEMENTO PARA CANS EN PARCELA MUNICIPAL, SITA NA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO, O GRAXAL-O TEMPLE, CAMBRE”. EXPEDIENTE 2022/C003/000009

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de outubro de 2022 (CVD: RmlRhY3JFMzRF2uN07eX), relativa á aprobación do proxecto “Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Con data 31 de maio de 2022 asínase pola enxeñeira de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, o proxecto denominado “*Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre*”, cun orzamento base de licitación de 13.913,61 euros, IVE incluído.

Con data 29 de setembro de 2022 a arquitecta técnica municipal emite informe urbanístico (CVD: C/ZGQB4gZDawt8jD5HSP).

Con data 3 de outubro de 2022 o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior emite informe xurídico ao proxecto (CVD: HoXFiwOvoxhKhL/OPDA0).

Por Resolución de Alcaldía número 1324/2019 de data 1 de xullo de 2019, delégase na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento Orgánico Municipal, as competencias desta Alcaldía como órgano de contratación respecto, entre outros puntos, “*a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento*”.

Visto que consta no expediente o documento contable de retención de crédito con nº operación 17/2022 – 220220003085, por importe de 13.913,61 euros con cargo á partida 171 61900, e con código de gasto/proxecto 2022 4 171 2 1 *Área canina no Temple*, compete á Xunta de Goberno Local a aprobación deste proxecto.

Por todo canto antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar o proxecto “*Zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre*”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento base de licitación de 13.913,61 euros, IVE incluído.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos data 3 de outubro de 2022 (CVD: RmlRhY3JFMzRF2uN07eX), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

C) PRÓRROGA Á ANUALIDADE 2023 DO CONTRATO PARA O “SERVIZO DE MEDIACIÓN E DISTRIBUCIÓN ENTRE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL, DE CAMPAÑAS INSTITUCIONAIS, PUBLICITARIAS E DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE 2020/C004/000013

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de outubro de 2022 (CVD: 40WuzuZZlqoxlNlruDSU), relativa á aprobación da prórroga á anualidade 2023 do contrato para o “Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que no expediente nº 2020/C004/000013, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 02 de marzo de 2021, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas SAU” o contrato para a execución do “Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”, por importe de 32.982,20 € euros sen IVE, 39.908,44 € euros IVE incluído, formalizándose o correspondente contrato con data 11 de marzo de 2021.

Vista a solicitude de prórroga formulada pola empresa adjudicataria, rexistrada de entrada no Concello de Cambre con data 15/09/2022, ao número 202299900004993.

Visto o segundo parágrafo da cláusula IV do citado contrato, no que se establece:

“De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, a execución do servizo obxecto do presente contrato comezará a partir do día seguinte á sinatura do contrato e terá unha duración dun ano, podendo prorrogarse anualmente en anos sucesivos por outros dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado ao menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración principal do contrato”.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día catro de xaneiro de dous mil vinte e dous, adoptou o seguinte acordo:

“(…)

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas SAU”, con NIF A15050842 e dirección en rúa Durán Loriga, nº 2, 15003 A Coruña, para o “Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”. (Expediente 2020/C004/000013).

(…)”

Visto o informe favorable emitido con data 20 de setembro de 2022 pola responsable do contrato, a xefa da Unidade de Réxime Interior (CVD: XEk/M4elwKCUZKwvOIDS), no que conclúe que *“non existe ningunha obxección para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis, tal e como se establece no correspondente prego de cláusulas administrativas”*.

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral (CVD: 7dVKGUkR5CXLczEQiUnZ) e mailo informe emitido polo Interventor Municipal (CVD: luVlvy0yHGna/KM90lj+).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Prorrogar por un ano, ata o 11 de marzo de 2023, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade “Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas S.A.U.”, con NIF A15050842 e dirección en rúa Rúa Duran Loriga, nº 2, 15002 A Coruña, para a execución do “Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre” (Expediente 2020/C004/000013); isto, de conformidade co establecido na cláusula IV do contrato e cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo á responsable do contrato e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos data 3 de outubro de 2022 (CVD: 40WuzuZZlqoxlNlruDSU), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo